ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO LICITADO MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE A SOLAINA, A GÁNDARA E PIÑEIROS

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, alcalde-presidente

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
Dna. Yolanda Martínez García, Xefa do servizo Sociocomunitario

Secretaria:

D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe de Sección de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, as 13,30 horas do día 6 de marzo de 2015 reúnese a Mesa de contratación co gallo de tratar o único punto da orde do día:

- Proposta de adxudicación do contrato

O día 27 de febreiro de 2015, reuniuse esta Mesa de contratación co gallo avaliar os criterios de adxudicación non obxectivos, presentados polas empresas licitadoras, resultando a seguinte puntuación para os criterios non obxectivos:

Empresa	Puntuación
FESAN	36
LAS PALMAS S.L.	27

Valoradas as ofertas económicas que contempla o apartado 9 da carátula do prego de condicións administrativas particulares que rexe esta procedemento, a puntuación acadada por cada unha das ofertas presentadas é a seguinte:

Empresa	Puntuación
FESAN	45
LAS PALMAS S.L.	41,34

Melloras:

Medios materiais:

FESAN: 3 puntos.
Las Palmas S.L.: 0,70 puntos

Proxecto de iniciación ao inglés

FESAN: 2 puntos.
Las Palmas S.L.: 0,33 puntos

Proxecto de iniciación á informática e as novas tecnoloxías

FESAN: 1 puntos.
Las Palmas S.L.: 0,33 puntos

Calidade homologada

Fesan: 0.60 puntos

Outras melloras

Fesan: Non se valoran as melloras 2ª,3ª,4ª,7º e 8ª, porque xa están valoradas como actividades complementarias. A 5ª non se valora porque non é precisa nin medible como estipula o prego de claúsulas administrativas particulares (non fai referencia aos recursos que se achegan, a quen vai dirixido etc).

Puntuación: 0,60 puntos

Las Palmas S.L.: Non se valora a proposta número 4 pois corresponde ao apartado de formación de proxecto educativo, a maiores non se especifica a quen vai dirixido, número de horas de formación ...., polo que non cumpre así cos requisitos especificados no prego para estas melloras. A proposta número 7 xa voi valorada no proxecto educativo. As mellora 3,9 e 10, ao igual que a 4 non son precisas nin medibles ao non indicar a cantidade de obradoiros ou saídas se inclúen, o número de horas dos obradoiros e nalgún caso a quen van dirixidos.

Puntuación: 1,20 puntos

A puntuación total das melloras é:

Empresa	Puntuación
Fesan	7,20
Las Palmas S.L.	2,56

Sumada a puntuación obtida na totalidade dos criterios de adxudicación, obxectivos e non obxectivos, a puntuación definitiva acadada por cada unha das empresas admitidas a todas as fases de selección, é a seguinte:

Empresa	Puntuación
Fesan	88,20
Las Palmas S.L.	70,90

Por todo o exposto esta Mesa de contratación propón ao órgano de contratación que este contrato sexa adxudicado á fundación FESAN, por ser esta a oferta máis vantaxosa para este Concello, unha vez valorados todos e cada un dos criterios de adxudicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 14:08 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu a secretaria dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente